

Reunidos o día 5 de febreiro de 2011 as asociacións e colectivos abaixo asinantes, motivadas pola pasividade e falla de claridade das administracións e dos nosos representantes, procedemos a constitución da **COORDINADORA POLA DEFENSA DO ESTALEIRO** e acordamos manifestar e facer público os seguintes **principios**:

1. Consideramos que a **conservación, protección e posta en valor do Estaleiro de Banda do Río**, de gran valor patrimonial, é esencial para manter viva a nosa identidade como pobo mariñeiro así como para a correcta interpretación e difusión das nosas raíces ligadas ó mar. A urxencia deste recoñecemento deriva ademais do feito de ser a única en toda a ría de Pontevedra, e de ser unha das escasas Carpinterías de Ribeira conservadas case en estado orixinal xa non só en Galicia, senón tamén en Europa. Como cidadáns, apelamos pois ó cumprimento da lei 8/1995 de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, por considerar que o Estaleiro non é senón un ben material que, polo seu recoñecido valor propio, debe ser considerado de interese relevante para a permanenza da identidade e cultura galega a través do tempo.

2. Expoñemos como clara posibilidade de uso e función para o futuro a súa inclusión como **aula interpretativa do Museo Massó, un obradoiro vivo** e aberto ó público que sen dúbida revertería no pulo do sector turístico da vila de Bueu. O Estaleiro, converteríase pois nun importante elemento dinamizador de grandes repercusións non só no nivel sociocultural senón tamén a nivel económico local. Destacar exemplos nos que postas en valor coma estas son xa unha realidade consumada dende hai anos, en toda Europa, co avanzado exemplo dos países nórdicos e dos Países Baixos, e máis concretamente noutras comunidades autónomas do estado español, como o estaleiro Mendieta en Lekeitio (declarado BIC con categoría de monumento), o de San Juan de Pasajes e os estaleiros Nereo, hoxe museos en Andalucía, declarados Patrimonio Histórico Andaluz.

O ser un ben cultural entendemos que súa xestión debería realizarse a nivel autonómico a través da **Consellería de Cultura - DX de Patrimonio** xa que é a administración que conta con capacidade e recursos suficientes para tal fin. Ademais a día de hoxe xa xestiona o Museo Massó que o noso entender debería ser o núcleo de referencia deste aula interpretativa.

3. **Entendemos que a rehabilitación desta infraestrutura debe vir da man de profesionais cualificados** que garantan o cumprimento dunhas idóneas características estruturais á vez que eviten graves distorsións do elemento patrimonial orixinal. Resulta pois necesario impedir pretendidas 'solucións salomónicas' que desfiguren e desvaloricen o Estaleiro, xa que se debe respectar en todo momento a súa singularidade para non desvirtuar o autenticidade e orixinalidade que a día de hoxe o caracterizan.

4. Consideramos que a **correcta transición do estado actual á rehabilitación, pasa necesariamente por evitar a súa 'desmantelación cautelara'**. A elemental estrutura do Estaleiro permite que con sinxelas e económicas solucións técnicas se asegure a súa armazón de maneira provisoria. O peche público preventivo do recinto, ademais de contribuír a tranquilidade veciñal, pode dar lugar a unha oportunidade de uso previo á futura aula interpretativa se durante este período non perde súa función de almacén/expositor de embarcacións tradicionais.

5. Unha vez resolto o tema da propiedade, **existen numerosas posibilidades de financiamento que permiten facer do exposto unha realidade:** o Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional promove a conservación e recuperación do patrimonio náutico tradicional das rexións da costa atlántica europea como elemento endóxeno de desenvolvemento local a través do proxecto DORNA -Desarrollo Organizado y sostenible de Recursos en el Noroeste Atlántico-, (www.proyectodorna.eu); outro exemplo é o do GAC -Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra- que ten coma obxectivo a promoción de proxectos e actuacións que contribúan a garantir un desenvolvemento sostible das zonas costeiras dependentes da pesca optando á convocatoria de axudas do Fondo Europeo de Pesca (www.accioncosteira.es); ademais das axudas dos Parques Nacionais, Diputación de Pontevedra..... O financiamento é pois, posible, e non constitúe un obstáculo. Evidenciar, en consecuencia, que non é senón a falla de compromiso das administracións o que evita que sexa unha realidade de proveito para todos.

Por todo, isto, apelamos a sensibilidade, coherencia, moral e ética dos veciños e institucións para que impidan esta inxustiza social, declarando que o derrube do Estaleiro produciría unha castración e mutilación do patrimonio marítimo galego e europeo irremediable e irrecuperable. É pois que, a súa conservación e posta en valor definitiva, é unha cuestión de dignidade de primeira magnitude, e unha débeda como buenenses coas xeracións futuras do noso pobo.

Por último, seran funcións da coordinadora.

1. Tratar coas diferentes administracións e institucións implicadas coa fin de que se poidan desenvolver os principios antes relacionados.
2. Realizar actos ,charlas, actividades culturais, etc. para reivindicar os principios da coordinadora antes relacionados
3. Elaborar escritos as administracións, notas de prensa... encamiñados a cumprir os principios da coordinadora antes mencionados.